



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO DE AXUDA AOS AUTÓNOMOS, AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS DE OURENSE AFECTADAS POLA PANDEMIA DA COVID-19**

O 14 de marzo de 2020, o Goberno de España aprobou o real decreto polo que se declarou o estado de alarma, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia do coronavirus SARS-CoV-2. Tres días antes, a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevara á categoría de pandemia internacional esta situación de emerxencia de saúde pública. Catro meses despois a emerxencia foi controlada grazas ás medidas adoptadas polas autoridades públicas españolas e ao exemplar comportamento da poboación.

Para facer fronte a esta situación excepcional, os socialistas consideramos necesario que todas as administracións públicas fagan o maior esforzo posible, con fin de instrumentar un gran paraugas público de protección social e económica, que dea a maior cobertura posible aos afectados e afectadas pola importante crise económica e laboral derivada desta pandemia mundial.

Algúns dos sectores máis afectados foron os traballadores por conta propia e as pequenas empresas que, ao longo dos últimos meses, tiveron que pechar forzosamente os seus negocios e instalacións ou reducir a súa actividade ata o mínimo, a causa das necesarias medidas de seguridade, imprescindibles para frear a expansión do virus, que foron aplicadas en España e na meirande parte de países afectados.

O Goberno de España aprobou, por primeira vez na historia, unha prestación extraordinaria que, desde o mes de marzo de 2020, cobran mensualmente todos os afectados e afectadas que tiveran que parar a súa actividade ou que viran reducidos os seus ingresos. Durante os últimos meses, o executivo xa abonou 25 millóns de euros para máis de 10.000 autónomos e autónomas da provincia. Tamén foron postos en marcha expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) ou exoneracións nas cotizacións sociais dos traballadores por conta propia e dos traballadores das empresas, entre outras novedosas medidas de carácter económico e social.

No ámbito autonómico, a Xunta de Galicia non puxo en marcha axudas de emerxencia para este colectivo. O Concello de Ourense anunciou a comezos de abril, subvencións para os autónomos e autónomas da capital provincial, mediante un pago único de 2.000 euros a cada solicitante mais no momento da sinatura desta iniciativa, aínda non se aprobaran as bases para a súa regulación legal. Polo tanto, catro meses despois do comezo da pandemia, o consistorio aínda non fixo efectivo ningún abono, unha situación que, segundo técnicos municipais, aínda perdurará.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Pola súa banda, esta Deputación Provincial aprobou o pasado mes de abril, unha modificación de crédito co fin de pagar, entre outras achegas, unha subvención única de 600 euros aos autónomos e autónomas afectadas dos municipios de menos de 20.000 habitantes. No caso das pequenas empresas o importe calculouse mediante un reparto dos fondos orzamentados entre todos os demandantes, cun máximo de 1.000 euros por solicitude. En total destináronse 3,8 millóns de euros a estas dúas liñas de axudas directas.

A pesar da recuperación paulatina da actividade económica e comercial, aínda son moitos os empresarios e empresarias que non volveron á normalidade nos seus negocios e, por iso, o Goberno central, de acordo cos axentes sociais e os representantes do sector, acordou a extensión das axudas, polo de agora, ata o próximo mes de setembro. Ademais, foi aprobado un novo subsidio para autónomos de tempada e, trala prórroga, todo e todas poden cobrar a prestación por cesamento de actividade e manter o seu negocio aberto, percibindo os dous ingresos simultaneamente

Ademais, nos últimos días, organismos tan diversos como a Autoridade Independiente de Responsabilidad Fiscal (Airef), a Comisión Europea ou o Fondo Monetario Internacional (FMI) empeoraron as previsións de contracción económica para este ano, tanto en España como noutros países.

Así pois, queda constatado que a situación de emerxencia sanitaria aínda está a producir efectos negativos na economía, que esixen manter e mellorar as medidas extraordinarias aprobadas. As previsións dos organismos nacionais e internacionais especializados aseguran que a situación será similar nos vindeiros meses, especialmente mentres a ciencia non atope un tratamento efectivo contra o virus SARS-CoV-2.

Os socialistas cremos que esta Deputación debe traballar nesta mesma senda que o Goberno central ou que outras institucións públicas, co fin de ofrecer aos afectados e afectadas da nosa provincia unha maior cobertura ante a crise, pois consideramos que, por exemplo, un único pago de só 600 euros para autónomos e autónomas, e outro pago de menos de 1.000 euros para pequenas empresas, son axudas insuficientes para facer fronte á situación pasada e futura, segundo as previsións económicas.

É preciso facer novos esforzos e, por iso, defendemos a aprobación dun fondo extraordinario dotado, a lo menos, con 16 millóns de euros que permita ampliar as cantidades percibidas polos afectados e afectadas.

Os beneficiarios e beneficiarias deste novo fondo extraordinario deberían ser aqueles incluídos no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, que exerzan unha actividade económica nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia; así como ter recoñecida a prestación extraordinaria do Goberno central ou ter sido receptor da subvención da Deputación de Ourense. No caso das empresas pequenas, as beneficiaras deberían ser aquelas ubicadas tamén en municipios de menos de 20.000 habitantes, afectadas ou non



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

polo peche obrigatorio decretado polo estado de alarma, con menos de 10 traballadores e facturación anual inferior a un millón de euros.

Se a Deputación de Ourense se define como “o concello dos concellos”, é preciso que actúe como tal e faga aínda maiores esforzos coas entidades locais. Se o consistorio da capital prevé destinar 20 millóns para este tipo de subvencións, a institución provincial debe traballar para que o seu paraugas de protección nos municipios de Ourense non sexa menor ao que recibirán os afectados e afectadas da cidade.

A Deputación ten a obriga de actuar con celeridade e equidade ante a escasa ou nula capacidade económica da práctica totalidade dos pequenos concellos, para atender ás demandas de autónomos, autónomas e empresas dos seus territorios.

A reactivación do emprego local, a protección do traballo autónomo e o impulso da competitividade e o futuro das pequenas e medianas empresas da nosa provincia require dun novo esforzo que debe ser aprobado unanimemente polo interese xeral. Entre todos e todas temos que dar unha resposta que permita restablecer progresivamente o funcionamento normal da actividade económica e produtiva das nosas empresas, a necesaria seguridade xurídica e a protección equitativa dos colectivos vulnerables, independentemente de se están ubicados na cidade ou no resto de municipios.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dun fondo extraordinario de axuda aos autónomos, autónomas e pequenas empresas da provincia, co fin de prorrogar e mellorar as subvencións percibidas polos afectados e afectadas da pandemia da COVID-19.
2. Dotar este fondo extraordinario de axuda aos autónomos, autónomas e pequenas empresas da provincia de Ourense con 16 millóns de euros, co fin de que os afectados e afectadas pola pandemia da COVID-19 poidan mellorar a súa situación económica, incrementado considerablemente as subvencións percibidas, para restablecer progresivamente o funcionamento normal da actividade económica.

En Ourense, a 17 de xullo de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE